

A IMAXINACIÓN PERDIDA, por Crema

Sara é unha nena de dez anos que vive en Oroso. A Sara gústalle moito ler e escribir; por iso, todos os anos, escribe contos e poemas no día das Letras Galegas.

Un día decidiu durmir unha sesta despois de comer. Aí comezou a súa aventura. Soñou que estaba nun país fantástico, no que había elfos, fadas, bruxas, sereas, xigantes...e moitos, moitos animais fantásticos. Por suposto, había tamén centos de plantas.

Despois de observar todo o que había nese país, descubriu a unha elfa que viña correndo cara a ela, e que lle dixo:

- ¡Ola Sara!, Por fin chegaches, estabámoste esperando. Precisamos a túa axuda.

- De acordo, pero, ¿como te chamas?, - dixo Sara, asombrada de que a elfa coñecese o seu nome.

- Chámome Kirsty, pero pódeme chamar Kirst.

- Ben Kirst, ¿cal é o problema?

- Pois...¡desapareceu a imaxinación da princesa!. Ela é a que dá vida a este país. ¡Se a súa imaxinación desaparece nós tamén!, - dixo angustiada Kirst.

- Entón lévame ata a princesa – contestoulle Sara.

Despois de percorrer varias rúas, chegaron ao xardín do Castelo. Xa no interior da sala do trono, Sara viu a unha rapaza un pouco maior ca ela vestida de princesa, que lle dixo:

- Ola Sara, son a princesa Karen, preciso a túa axuda.

- ¿Como sabe o meu nome, princesa Karen? – preguntou Sara.

- Iso explicareicho despois, ¿axúdame?

- Por suposto, princesa Karen – respondeu Sara – Kirsty contoume o problema, e vexo que é bastante grave.

A princesa Karen explicoulle o que pasaba con máis detalle e, ao fin, díxolle:

-Sara, estarías disposta a ir comigo na procura da miña imaxinación?

Sara respondeulle:

-¡Por suposto que si!

Partiron na busca da imaxinación perdida da princesa, pero non sabían por onde ir, nin se ir a cabalo ou en carruaxe. Ao final decidiron ir en carruaxe e comezar a buscar nas Montañas Escuras.

Cando chegaron ao pé das montañas, non vían nada porque había moitísima néboa. A princesa advertiulle a Sara que tivese coidado:

- Sara, ten moito coidado, con tanta néboa podes caer.

- Tranquila princesa Karen, ten coidado ti tamén - respóndelle preocupada Sara.

- ¿Que che pasa, Sara? – dixo a princesa ao decatarse de que a voz da rapaza era estraña - ¿Que che preocupa?

- Nada, só penso que estas montañas con néboa son moi perigosas, ahhhh!

- ¿Que ocorre?

- Princesa Karen, mira aquela luz, ¿sabes o que é? – bisbou Sara.

- Non sei o que pode ser, pero seguro que nada bo.

Camiñaron un bo anaco sen dicir nada. Cando xa estaban preto da luz descubriron que era unha boliña moi brillante. A princesa, moi emocionada, exclamou:

- ¡Creo que esta boliña é a miña imaxinación!

- Pois hai que collela con moito coidado – díxolle Sara.

Cando a princesa tocou a boliña brillante, apareceron no palacio.

- Princesa Karen, non entendo en que che axudei – dixo Sara moi estrañada.

- Sara, se eu fose a buscar a miña imaxinación con calquera habitante deste país non a encontraría, porque só me pode axudar unha rapaza valente e de corazón nobre que sexa estranxeira, - explicoulle a princesa- Moitas grazas por axudarme, e recibe isto como agradecemento por todo o que fixeches por min e polo meu país.

A princesa Karen sacou o colar que levaba ao pescozo e entregoullo a Sara. O colar tiña unha fermosa perla morada rodeada doutras moitas máis pequenas de cor azul.

Cando Sara colleu o colar, espertou, e ao abrir a man descubriu que aínda tiña o marabilloso colar. Entón, deuse conta de que non fora un soño, e decidiu escribir a súa aventura para celebrar o día das LETRAS GALEGAS. Dende aquel día, non se separou do colar da princesa Karen.

